

O RAIO TRANSPARENTE

Matusa Barros, unha muller metida de cheo no mundo da imaxe de síntese

“A linguaxe videográfica céntrase na poesía pola súa actitude”

—¿Cal é a túa obra mestra do cine?

—Entre as películas recentes, *Bagdag Cafe* pareceume no momento que se presentou unha película que rompía como *Terciope-lo Azul*, cos moldes, a primeira en encadres e a segunda en iluminación. Entre as películas antigas quedaría con *Lirios Rotos* de Griffith, ou con *La ventana indiscreta* de Hitchcock.

—¿E se tes que elixir entre o feito na península?

—*Tesis*, de Alejandro Amenábar.

—O teu director preferido.

—Gonzalo Suárez en cine. En vídeo, en España Paco Utray e Luis Lamadrid.

—¿Cal é o teu xénero preferido?

—En vídeo, o videoarte, unha palabra que se quere deixar de usar e eu non lle atopo sentido. O termo videocreación é moi amplo, engloba toda creación feita en vídeo. Se fosemos un pouco estrictos, videoarte é a linguaxe propia dos medios de vídeo. A linguaxe videográfica céntrase moito máis na poesía pola súa actitude. Á xente cústalle máis entrar porque require un esforzo, esixe que entres no traballo e saque-la túa propia conclusión.

—Desde Galicia, ¿pode saír algunha produción rendible?

—Aí non ten que ver practicamente a calidade dos traballos. A rendibilidade réxe por outros criterios. En cine a industria leva moito tempo funcionando, pero no vídeo case non existe. As distribuidoras de vídeo afundíronse en España na súa práctica totalidade salvo algunha de Barcelona. Non hai correspondencia económica.

—¿Que opinión che merecen as subvencións?

—Desde logo no campo da imaxe está claro que se non as houbera, non se faría nada. É algo que non dá cartos, é cultura simple e non é negocio. Eu non o vexo doutro xeito. O creador ten que ter claro que esa axuda é case obrigatoria por parte do Estado e non se lle pode impor ningún tipo de traba-



Juan Otero 'Eiravell' e Matusa Barros en 'Encuentro nº3'

MIGUEL MARTÍN



O documental experimental 'Vigo', de 1993

CORREO

a liberdade da creación ten que ser absoluta, cousa que ás veces é difícil de facer.

—¿Cal cres que é o filón aínda por estourar en Galicia?

—Téñense feitos traballos de carácter certamente nostáxico pero tamén nun ton xocoso-despectivo. Tal vez a nosa valía está nesa carga de afecto que din que levamos os galegos, ese sentimento, saudade, pero non cara á nostalgia senón cara ó futuro...

—¿Que podemos entender por 'Videocreación feminina'?

—A única diferenza que eu atopo entre a videocreación feita por un home ou por unha muller é o punto de vista. É obvio que somos diferentes, temos diferentes xeitos de pensar, de sentir... aínda que poida en esencia coincidir ese punto, pero as mulleres tratámo-los temas desde un punto de vista feminino e os homes veno desde un punto de vista masculino que é complementario. Por iso é interesante facer mostras de can-

do en vez da mirada masculina e da mirada feminina, ¿por que non? A mirada masculina témola tan vista...

—¿Inflúe no teu traballo o dalgún director?

—Por suposto que si. Teño coñecido moita xente mesmo no Festival Internacional de Cine e Vídeo de Vigo. Coñecín traballos estupendos e persoas increíbles do mundo do vídeo. Á hora de traballar atópome facendo cousas que vin, pero é algo que borro, non me interesa repetir. Se o fixen igual, significará que non asimilei esa influencia.

—¿Utilizas actores nos teus traballos?

—Raras veces pero encántame. Precisamente comencei dirixindo actores nun vídeo ficción que fixemos nun taller da Universidade Internacional Menéndez Pelayo na Coruña no ano 86 creio. Desfruteino moito aínda que normalmente non os utilizo. Cando utilizo a persoa fágoo como un elemento máis dentro da imaxe do xeito máis natural. Eu

non traballo a partir dun guión, téñoos feito a posteriori. Non traballo dun xeito premeditado aínda que teña unha idea desde a que parto. As máquinas inflúen moitísimo.

—Falas de certo determinismo tecnolóxico...

—Non, pero as máquinas son moi importantes. As súas posibilidades son grandísimas. É o que che perfila a linguaxe videográfica, e se traballas cun ordenador como fago eu agora, a posibilidade é tan ampla que como non traces un camiño pérdeste. É un xogo entre eu e maila máquina a que vai dando o camiño.

—Pide un desexo para o vídeo galego.

—Que as institucións que teñen o deber de facelo, se dediquen a amosa-lo que é linguaxe videográfica por medio de puntos estables de visionado, e que o fondo bibliográfico, se existe, estea á disposición do público.

Marga Rybczynski

Matusa Barros Arias-Castro naceu en 1954. Será en plena transición democrática cando deixa os seus estudos universitarios en Ciencias Biolóxicas porque non lle gusta o sistema de ensinanza. Ingresa na escola de Artes e Oficios Mestre Mateo de Santiago de Compostela, o cal dá un xiro á súa vida.

Anos máis tarde, da man da produtora de Xavier Villaverde, entrará no eido do audiovisual cun Taller de Vídeo e outro de Televisión nos anos 1986 e 1987 respectivamente, impartidos na sede coruñesa da Universidade Internacional Menéndez Pelayo. Xa no ano 84 descobre no I Festival Nacional de Vídeo do Círculo de Belas Artes de Madrid. Nos anos noventa Matusa entrará de cheo no mundo da imaxe de síntese asistindo a un Taller de Galería Virtual en Cataluña impartido por profesores do Institut del Audiovisual da Universidade Pompeu Fabra, e neste mesmo ano acudirá á Facultade de Belas Artes pontevedresa en busca de coñecementos sobre a Arte por Ordenador. De feito, 'Yo', 'Sentit' e proximamente 'Human' son as súas primeiras creacións infográficas.

cas. En 1990 crea en Vigo o Taller de Vídeo Experimental 'Freecauce' para a investigación na imaxe. Hai pouco menos de medio ano, esta apaixonada video creadora organizará a I Mostra Vigo Imaxe en Movemento e mailo III Ciclo de Vídeo creadoras, onde tiveron cabida multitude de traballos chegados de calquera parte do globo, auténtico punto de encontro audiovisual. O seu currículum videográfico comaza hai dez anos. Así, está cheo de traballos de videoarte en formatos tanto domésticos como profesionais entre os que se encontran 'Sentimento' (1990/Hi8) ou mesmo 'Riada' (1992/Hi8), video danza en colaboración con Amparo Martínez. Pero a súa videografía conta con colaboracións de luxo, inmortalizando a rodaxe do filme 'Redondela' de Pedro Costa, traballando en labores de asistente de rodaxe, casting de figuración ou mesmo a gravación en vídeo da rodaxe viguesa de 'Sempre Xonxa'.

Nesta tempada, a súa cámara captará o traballo escultórico de Maribel Mourinho 'Vicis Petrae' ou as exposicións de pintura de R. Ignacio.



'Alternativas', de Matusa Barros